

## NOTA DE PRENSA

# **O Museo Casa da Troia reabre este sábado e poderá visitarse todos os venres e sábados ata mediados de xullo**

## **O resto do verán abrirá no seu horario habitual**

**Con motivo das festas do barrio de San Martiño Pinario, este sábado a entrada será gratuíta e actuará o Grupo de Pulso e Púa da Asociación de Antigos Tunos Composteláns**

---

*Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2016 (Vía Láctea Comunicación).*- O Museo Casa da Troia volve abrir as súas portas durante o verán, dende este sábado día 4 ata principios de setembro. Ao longo do mes de xuño e ata mediados de xullo poderá visitarse os venres e os sábados; os venres en horario de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 22:00 horas e os sábados de 11:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas. O resto do verán o museo abrirá no seu horario habitual, de martes a sábado.

Este sábado a asociación cultural San Martiño Pinario celebra a cuarta edición da Festa *50 Anos Aló*. Con motivo destes festexos, a Casa da Troia organiza unha xornada de portas abertas. As persoas que se acheguen ao museo poderán visitalo de xeito gratuíto e gozar cun percorrido guiado pola antiga pensión de estudantes que inmortalizou Alejandro Pérez Lugín na súa célebre novela de 1915. Ofrécense percorridos guiados en galego, castelán ou italiano.

### **Actuación do Grupo de Pulso e Púa da Casa da Troia**

Este sábado, no marco das festas de San Martiño Pinario, actuará o Grupo de Pulso e Púa da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, entidade que xestiona o museo. A agrupación realizará un pasarrúas dende a Casa da Troia ata a Praza de San Martiño Pinario, onde amenizará ao público asistente coas populares cancións da tuna, a partir das 21:00 horas.

O grupo creouse en 2013 como un proxecto vencellado ao Museo Casa da Troia, co obxecto de investigar, promover e divulgar tanto a música para instrumentos de pulso e púa que tocaban as tunas en Santiago a finais do século XIX e comezos do XX (época da novela "La Casa de la Troya") como a figura e as obras de compositores galegos daquel tempo.

Está integrado por 26 membros, profesionais en distintos ámbitos unidos pola súa afección á música e polo feito de que todos eles pertenceron durante a súa etapa académica a unha tuna universitaria. O seu director é Fernando Reyes Ferrón, diplomado superior como profesor de instrumentos de corda pulsada na Escola Superior de Música de Trossingen (Alemaña).